CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construindo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.

Contidos

- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	Show your moves.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.</p>	<p>Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.</p>	PE	25
<p>CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.</p>	<p>Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.</p>		
<p>CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.</p>	<p>Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.</p>		
<p>CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.</p>	<p>Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.</p>		
<p>CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.</p>	<p>Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.</p>	TI	75
<p>CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.</p>	<p>Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio. - Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e

Contidos

- parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque metodolóxico será práctico. A metodoloxía a aplicar axustarase aos principios da aprendizaxe significativa, onde o/a alumno/a sexa o/a protagonista e o/a artífice da súa propia aprendizaxe e non un/unha mero/a receptor/a pasivo/a. Queremos que o alumnado observe, reflexione, participe, constrúa, investigue, etc. A globalización e o impacto das novas tecnoloxías fan que a súa forma de aprender, comunicarse, de concentrar a súa atención e de abordar unha tarefa sexan distintas.

Débesse primar a competencia comunicativa do alumno, máis que o seu coñecemento teórico da lingua. Polo tanto, tanto as actividades propostas como as tarefas recollidas deben perseguir esta finalidade. Os textos buscados, os contidos audiovisuais, escritos ou sonoros deberán estar o máis preto posible da realidade actual e dos asuntos de interese dos nenos desa idade.

Utilizaremos os recursos reais que ofrece a lingua de uso máis estendido do mundo: noticiarios, páxinas web, vídeos, extractos de películas, series, etc. sempre que sexa posible. Neste sentido, a fonte de recursos é practicamente inesgotable.

Priorizaremos o uso e manexo dos recursos TIC: Entorno virtual de aprendizaxe E-Dixgal, aplicacións informáticas, programas informáticos en xeral.

As tarefas propostas deberán ter aplicación práctica na vida real: role-plays para situacións posibles, confección de e-mails, currículos, presentacións orais con apoio audiovisual, etc.

Combinaremos o traballo individual do alumno, co traballo en parellas e/ou en grupos, favorecendo o traballo cooperativo. Facilitaremos ao alumnado tarefas, proxectos, actividades e a través de EVA E-Dixgal, estimulando tamén o sentido de colaboración coma membro dun equipo para alcanzar unha meta común e fomentando a resolución de problemas, a realización das tarefas dun xeito reflexivo cunha retroalimentación que lles permita un mellor desempeño.

Orientaremos as unidades de acordo ao enfoque por tarefas ou proxectos, pois entendemos que a linguaxe é unha ferramenta e só proporcionando situacións nas que se requira esa ferramenta lograremos por parte dos alumnos unha aprendizaxe da mesma; facendo o idioma útil e dándolle unha orientación funcional, elixindo como elemento aglutinador unha temática ou centro de interese e dando sempre instrucións precisas ao alumnado sobre a tarefa que queremos levar a cabo e como queremos que a desenvolvan.

As fases que seguiremos para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, tanto na actividade lectiva serán as que a seguir se detallan:

1o - PLANIFICACIÓN SEMANAL e control do traballo feito (tanto na aula coma na casa) mediante a observación directa na aula ou ben mediante EVA E-Dixgal ou por correo electrónico.

2o - PRÁCTICA CONTROLADA DO ESTUDANTE: Durante esta fase o docente formula preguntas, orienta ao alumnado e corrixe. O/A alumno/a pode aclarar as súas dúbidas preguntando ao profesor/a ou a outros compañeiros. É importante que nesta fase se interroge frecuentemente ao alumnado para non deixar cabos soltos.

3o - PRÁCTICA INDEPENDENTE: Esta refírese directamente ao estudo pola súa conta dos contidos ou habilidades aprendidos na aula e debe realizarse até que as respostas sexan seguras e rápidas. Promóvese deste xeito no/a alumno/a a responsabilidade da súa propia aprendizaxe.

No tocante ás unidades, estas atenderán ás catro destrezas lingüísticas: escoitar, falar, ler e escribir. Reforzaremos a aprendizaxe das estruturas mediante actividades orais o máis comunicativas posible. Por último, realizaremos

unha tarefa final que dea sentido e resuma a unidade, onde o/a alumno/a utilizará os recursos lingüísticos adquiridos. Tenderase a potenciar a autonomía do/a alumno/a no uso da L2, uso que tenderá a ser cada vez máis libre e creativo. Ao mesmo tempo esta autonomía permitirá ao alumno/a converterse en regulador da súa propia aprendizaxe. Pretendemos tamén que se use a lingua estranxeira para comunicarse como norma xeral, aínda que haxa momentos nos que recorramos á lingua materna á hora de facer algún tipo de aclaración.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos TIC
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

- RECURSOS TIC:
 E-dixgal (Entorno Virtual de Aprendizaxe)
 Correo oficial proporcionado aos alumnos polo centro.
 Publicacións dixitais sobre temas de actualidade.
 Recursos audiovisuais auténticos.
 Actividades interactivas para o uso da lingua
 Materiais de consulta

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En todos os niveis, o departamento considera necesario levar a cabo algunhas actividades conducentes a observar os coñecementos iniciais do alumnado nas primeiras sesións do curso. Habitualmente utilízanse dous métodos:

- Probas diagnósticas, cuestionarios (ben proporcionados polas editoriais dos libros ou ben elaboradas polo profesorado) sobre contidos básicos e competencias que o alumnado ten da materia e a súa finalidade é avaliar o punto de partida.
 - Actividades orais e escritas nos que o alumnado debe expoñer información básica sobre algún tema, entendidas exclusivamente como medidas da capacidade de expresión dos estudantes.
- Os resultados non son tido en conta como calificacións, senón como un rápido estudo da situación inicial de cada grupo, que será tido en conta para a avaliación inicial mais tamén para establecer os axustes oportunos á programación didáctica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	12	12	12	14	15	100
Proba escrita	25	25	25	25	26	27	25	25	25	25
Táboa de indicadores	75	75	75	75	74	73	75	75	75	75

Criterios de cualificación:

A AVALIACIÓN do alumnado será CONTINUA, o que significa que o alumnado será avaliado dos contidos e destrezas adquiridos anteriormente nas probas e avaliacións seguintes, de xeito que unha nota positiva, é dicir, aprobada, nunha avaliación posterior supón que a avaliación anterior queda aprobada. Isto darase na 2ª e/ou 3ª avaliación/s.

Para poder superar a materia de inglés será necesario que os alumnos aproben OBRIGATORIAMENTE o 3º trimestre. No caso de suspender este, NON se fará media ponderada cos trimestres anteriores (A avaliación é continua e o 3º trimestre acumula os coñecementos dos trimestres anteriores). Polo tanto, a nota que aparecerá na columna de Avaliación Ordinaria, será a mesma que a obtida no 3º trimestre do curso.

Para o cálculo da nota final do curso (aquela que aparece na columna de Avaliación Ordinaria no Xade), realizarase a media ponderada dos tres trimestres (1º, 2º e 3º), sempre e cando estea aprobado o terceiro trimestre, para poñer en valor o traballo realizado durante todo o curso. A avaliación será positiva cunha calificación igual ou superior a 5 (todas as calificacións se redondearán a partires do 0.5).

A ponderación será:

- 1ª Avaliación: 20%
- 2ª Avaliación: 30%
- 3ª Avaliación: 50%

Por outra banda, a cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 30% (15% + 15%)

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

2. PRODUCCIÓN, INTERACCIÓN ORAL E MEDIACIÓN (CA1.4 + CA1.6 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA E MEDIACIÓN (CA1.5 + CA1.6 + CA1.9 + CA1.10): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. ELEMENTOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS E LÉXICO DE USO COMÚN (CA1.4): 30%

Instrumentos de avaliación: preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

5. PLURILINGÜISMO, REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE E INTERCULTURALIDADE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3 + CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

PROCEDIMENTO A SEGUIR NO CASO DE AUSENCIA A UNHA PROBA ESCRITA OU/E ORAL:

Se un alumno/a falta a algunha das probas escritas e/ou orais do curso, deberá presentar XUSTIFICANTE OFICIAL* (médico, xudicial ou de índole similar) debidamente selado polo organismo en cuestión. Neste caso, repetirase a proba nas 48 horas seguintes á súa volta. Se non fose posible, por acumulación de exames ou calquera outra causa, acordarase co alumno/a a mellor das opcións (ex. acumular a materia para o próxima proba, facer o cálculo da nota da avaliación coas que teñamos e repetir a proba á volta das vacacións, repartir PROPORCIONALMENTE o valor da proba coas outras destrezas, sempre a criterio do profesor/a e buscando beneficiar ao alumno/a, etc).

*Se NON presenta o xustificante, NON se repetirá dita proba e quedará constancia da súa falta tanto no Xade como na aplicación ABALAR (xa que enviaremos unha mensaxe para notificar aos proxenitores e/ou titores legais a súa ausencia).

O exame incluirá os contidos e destrezas dados e seguirá os criterios de avaliación reflectidos na programación de aula, mais NON ten que coincidir exactamente co realizado anteriormente polos seus compañeiros.

OBSERVACIÓNS

Durante a realización das probas, o alumnado NON poderá copiar, preguntar a un compañeiro/a e/ou utilizar calquera dispositivo electrónico. No caso de sorprendere ao alumnado copiando, retiraremos o mecanismo empregado, comprobaremos que corresponde co reflectido na proba, anularemos esa parte e deixaremos que o/a alumno/a continúe realizando a mesma. Este comportamento inapropiado levará parello un parte de incidencia para deixar constancia do acontecido.

Asemade, o departamento comprométese a mostrar corrixidas e calificadas as probas escritas e/ou orais realizadas polo alumnado, e facelo no prazo máximo dun mes dende a súa realización. Establécese un mínimo de unha proba de 'reading', 'listening', 'speaking', 'writing' e contidos lingüísticos (funcións comunicativas, estruturas sintácticodiscursivas, léxico, patróns gráficos e/ou fonéticos). Cada profesor/a realizará todas as que considere oportunas en función das necesidades do grupo-clase. Todas as probas respectarán as porcentaxes reflectidas nos criterios de cualificación.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que NON obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final sobre contidos mínimos do curso e constará dos seguintes bloques:

1. ELEMENTOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS E LÉXICO DE USO COMÚN (CA1.4): 40%

Instrumentos de avaliación: preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): (20% + 20%) 40%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA E MEDIACIÓN (CA1.5 + CA1.6 + CA1.9 + CA1.10): 20%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, o alumnado de educación secundaria obrigatoria deberá seguir un Plan de Reforzo en cada unha das materias sen superar de cursos anteriores.

No tocante á materia de inglés e tendo en conta a continuidade desta, dito plan será elaborado polo profesorado que imparte a materia no curso actual do alumno/a. Deste xeito, será máis doado adaptarse ás particularidades de cada un deles.

O profesorado do Departamento elaborará unha serie de actividades e exercicios de recuperación (boletíns) acorde ás particularidades de cada alumno/a, baseados nos contidos mínimos de dita materia que conduzan ao logro das competencias básicas. Estes boletíns incluirán exercicios de vocabulario, gramática, comprensión lectora, comprensión oral e expresión escrita. Serán distribuídos ao alumnado ao comezo de cada unha das avaliacións ou ben subidos á Aula Virtual do centro / Plataforma Eva-Edixgal xunto coas súas solucións.

A materia poderá ser superada de dous xeitos distintos:

A.1.1. Mediante Avaliación Continua.

Por decisión do departamento, se un/unha alumno/a coa materia pendente aprobase as dúas primeiras avaliacións (ou, no seu defecto, só a segunda avaliación) do curso superior no que está matriculado, automaticamente tería aprobada a materia pendente do curso anterior.

Será o/a profesor/a do curso actual o/a encargado de resolver as dúbidas que tivesen e axudalos na medida do posible durante as horas de clase e a súa hora de tutoría de alumnos.

A.1.2. Exame.

Aplicarase esta modalidade:

- Aos alumnos/as que non aproben a primeira avaliación do curso no que estean matriculados. *O exame deberá ser posterior aos resultados das probas trimestrais do curso actual.
- Aos alumnos/as que non aproben a segunda avaliación do curso no que estean matriculados.
- Aos alumnos/as coa materia pendente que non cumprisen o apartado A.1.1.

Deberán realizar un exame (cada trimestre) para superar a materia que equivalerá ao 100% da nota obtida na materia. Este será previo á celebración de cada unha das sesións de avaliacións do curso (datas a determinar) e versará sobre os contidos e destrezas presentes nos boletíns previamente entregados.

Cada unha das probas trimestrais considerarase superada cunha nota (redondeada) igual ou superior a 5. A nota final do curso será establecida segundo a seguinte ponderación: 20% da 1ª avaliación + 30% da 2ª avaliación + 50% da 3ª avaliación.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que NON obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final sobre contidos mínimos do curso e constará dos seguintes bloques:

1. ELEMENTOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS E LÉXICO DE USO COMÚN (CA1.4): 40%

Instrumentos de avaliación: preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): (20% + 20%) 40%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA E MEDIACIÓN (CA1.5 + CA1.6 + CA1.9 + CA1.10): 20%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

En caso de non aprobar ou non se presentar ao/s exame/s, a materia seguiría pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida tomamos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son quen de acadar un nivel mínimo sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Consideramos este aspecto ao incluír un repaso continuo de estruturas e vocabulario. Ofrécense tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as, mostrando amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e, á vez, materiais de ampliación para os de nivel máis avanzado. Con este conxunto de materiais, o profesorado pode elixir e adecuar as tarefas ao nivel concreto de cada alumno/a. Asemade, ofreceremos tamén flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.

- A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, debido a que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e o contexto no que os alumnos se desenvolven. Tomamos en conta tanto este factor como as diferenzas no ambiente sociocultural do que proceden os alumnos/as, pois todo iso inflúe notablemente non só no nivel das súas motivacións individuais, senón tamén na forma máis lóxica e funcional de presentar-lles os contidos. Seleccionáronse temas que fan posible a implicación emocional dos alumnos/as dado o noso convencemento de que, cando se apela ao que directamente lles afecta e interesa, a resposta ao estímulo está asegurada. Tamén faremos uso das TICs, ferramentas que servirán para motivar ao alumnado, xa que terán a oportunidade de aprender todo tipo de coñecementos dun xeito ameno, flexible e divertido.

- Os estilos de aprendizaxe

Ao longo dos últimos anos leváronse a cabo toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfrenta ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, mesmo así, necesitar varios intentos para assimilar unha idea, mentres que outros poden traballar máis conscienciadamente e aprender máis amodo obtendo o mesmo resultado.

Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas inclúense táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática paso a paso, do mesmo xeito que unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para os alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden. Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe, deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuenciación de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade promovemos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que non só sexan conscientes do seu progreso, senón que tamén aprendan de maneira máis efectiva, o cal implica maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

- Os intereses dos alumnos/as

É un feito que os intereses dos alumnos/as se diversifican. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou a necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, tentando que sexan de interese para a maioría. Ademais, levouse a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter conversacións informais, escribir correos electrónicos, entender aos mozos/as da súa idade doutros países, etc.

Asemade, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarase unha avaliación

inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. Do mesmo xeito, aplicaremos os protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc) ao alumnado que o requira.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

No tocante á materia de inglés, este plan fará fincapé nun control exhaustivo das tarefas realizadas polo alumnado repetidor, tendo en conta os seguintes items:

- Traballar na aula, preguntar o que non entende e corrixir os exercicios que se fagan na clase.
- Acabar na casa as actividades que non dese feito na aula e facer os traballos específicos que se manden para a casa.
- Preparar as diferentes probas escritas e/ou orais que se lle fagan, revisando os exercicios corrixidos no seu arquivador/carpeta no ordenador/E-dixgal.
- Levar todo o material necesario á aula todos os días.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X		X		X		X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X		X		X		X	
ET.6 - A igualdade de xénero.	X	X		X		X		X
ET.7 - A creatividade.	X		X	X	X		X	
ET.8 - A educación para a saúde					X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.				X		X	X	
ET.11 - O emprendemento social e empresarial				X				X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico		X			X			

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X
ET.4 - A competencia dixital.	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	
ET.7 - A creatividade.	
ET.8 - A educación para a saúde	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

Tanto a **COMPRESIÓN LECTORA (CL)** como a **EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (EOE)** abranguen unha parte substancial do perfil competencial da materia en todos os cursos. Ambas son ferramentas imprescindibles nas que se basea gran parte da capacidade de comprensión e expresión da 1ª Lingua Estranxeira, polo que o seu desenvolvemento dáse por suposto.

Por outra banda, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A **COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL** e as **TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN** están intimamente relacionadas e son traballadas en conxunto en gran parte dos contidos de todos os cursos:

- Análise crítico e técnico dunha película ou un vídeo clip.
- Traballo lingüístico sobre as producións audiovisuais.
- Utilización de recursos web (webquests, apps de aprendizaxe de linguas, ...)
- Técnicas de procura de información en novos soportes (redes informáticas, CD-Rom ...), así como de tratamento informático de textos (correctores ortográficos)
- Presentacións en `PowerPoint' ou similares.
- Uso do editor de vídeo / audio (moviemaker, Audacity ...)

O aspecto do **EMPRENDEMENTO** vén reflexado en todas as actividades nas que o alumno desenvolve consciencia do traballo propio e que posúen unha finalidade de desenvolvemento persoal e profesional. Nas interaccións orais das situacións cotiás (p.ex. cando pedimos información sobre horarios ou direccións), na adquisición de destrezas de comprensión e comunicativas de finalidade práctica (p.ex. redacción dun email), e no convencemento do valor do traballo en grupo coma un medio de traballo ineludible na sociedade actual.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proxección de 'Spooky films' en Halloween - The Haunted Pumpkin of Sleepy Hollow	O alumnado terá a oportunidade de visionar unha película con temática Halloween para despois facer unhas tarefas de comprensión.	X		
Teatro en inglés - 'I Spy'	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas	X		
Proxecto de intercambio lingüístico en Flipgrid cun centro dos EEUU	O alumnado terá a ocasión de participar nun intercambio lingüístico con alumnado dos EEUU.		X	
St. Patrick's Scavenger Hunt	O alumnado realizará unha búsqueda do tesouro.		X	
Asistencia á representación de maxia 'The Best Magic Trick in the World'	O alumnado asistirá a esta representación no Salón de Actos.			X
Elaboración dun mural con slogans en inglés.	Con motivo da celebración do Día da Terra e en colaboración co departamento de CCNN, farán un mural con slogans en inglés.			X

Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Metodoloxía empregada
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
 Ás veces
 Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados